UNIDADE 4

A lírica, sentimento e pensamento poéticos

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. A CONCORDANCIA
2. O ADXECTIVO
3. O TEMA DE PRESENTE ACTIVO
4. A LÍRICA
5. ETAPAS DA CIVILIZACIÓN GREGA III
6. LÉXICO

O Tempo, dono e señor do universo, devoraba ao seu paso a todas as súas criaturas. Moitos nobres e extraordinarios fillos naceron deste pai desapiadado, pero ningún escapaba á súa vontade destrutora. Ata que un día un deles, o Pensamento, ideou un arma poderosísima para eludir a ira paterna. Chamou ao seu invento escritura e con ela someteu e destronou ao seu proxenitor.

A escritura é o escudo do pensamento contra a voracidade do tempo.

Nesta unidade tes unha detallada información para ver ata que punto se cumpre a historia anterior. A comparación das linguas descubriunos o indoeuropeo e o contacto co mundo semítico facilitounos o alfabeto.

Ademais da lírica grega, esta unidade mostrarache outro acontecemento moi importante da historia de Grecia: a Guerra do Peloponeso, da que Tucídides pensaba que ía ser máis memorable que as anteriores.

Εἰμί δ' ἐγὼ θεράπων μὲ Ἐνιαλίοιο ἄνακτος

καὶ Μουσέων ἐρατὸν δῶρον ἐπιστάμενος.

Son servidor do soberano Enialio

e un experto no amable don das Musas

Arquíloco 1,1

Arquíloco é un dos líricos gregos máis importantes. Foi o iniciador da poesía dos sentimentos e o primeiro que tomou consciencia de si mesmo como creador literario. Home de forte personalidade, exerceu unha grande influencia nos poetas posteriores. É, xa que logo, o mellor representante do tipo de literatura que vas estudar nesta unidade.

Ademais da lírica grega, esta unidade vaiche mostrar outro acontecemento moi importante da historia de Grecia: a Guerra do Peloponeso, da que Tucídides pensaba que ía ser máis memorable cás anteriores.

1. A Concordancia

1.1. Concordancia do substantivo

A concordancia é a relación morfosintáctica (de forma e función) que se establece entre as distintas palabras da frase.

O ***substantivo*** concorda co *adxectivo* e co *artigo* en xénero, número e caso:

ὁ καλὸς λογός "a fermosa palabra" / οἱ καλοὶ λόγοι "as fermosas palabras";

ἡ μικρὰ οἰκία "a pequena casa" / αἱ μικραὶ οἰκίαι "as pequenas casas";

τὸν δίκαιον λόγον "a xusta palabra" / τοὺς δικαίους λόγους "as xustas palabras"

1.2. Concordancia do verbo

O verbo concorda co seu suxeito en número e persoa:

ὁ ἄνθρωπος σοφός ἐστιν / οἱ ἄνθρωποι σοφοί εἰσιν

o home é sabio / *os homes son sabios*

Pero cómpre ter en conta que o **suxeito plural neutro leva o verbo en singular**

τὰ φύλλα καλά ἐστιν (non εἰσιν): *as follas son fermosas*.

τὰ ζῶα τρέχει (non τρέχουσιν): *os animais corren.*

1.3. As palabras invariables

Aparecen sempre na mesma forma e non gardan concordancia. Son as *preposicións*, *conxuncións*, *adverbios* e os *cardinais* desde 5 ata 200. Por ex.: ἐν (en), ἀλλά (pero), δέ (e, pero), καί (e), οὐ(κ) (non), εἰς (a), γάρ (pois), εὖ (ben).

2. O adxectivo

A declinación dos adxectivos segue á dos nomes, pero poden organizarse en paradigmas distintos segundo as formas de xénero (2 ou 3). Tamén poden ter **graos** na expresión da calidade: comparativo ou superlativo.

2.1. Clasificación dos adxectivos

Hai adxectivos que teñen tres terminacións: unha para *masculino*, outra para *feminino* e outra para *neutro*. O tema do feminino sempre pertence aos temas en -α/-η. O do masculino e neutro pode ir polos temas en **-ο**, ou pola 3ª declinación.

Outros adxectivos teñen só dúas terminacións: unha para o animado (masculino e feminino) e outra para o inanimado (neutro). Poden ir polos temas en **-ο**, ou pola 3ª declinación.

Clasificación	Declinacións	Exemplos		
1ª Clase	a) Pola 2ª e 1ª	μικρός καλός ἀργυροῦς	μικρά καλή ἀργυρᾶ	μικρόν καλόν ἀργυροῦν
	b)Pola 2ª	ἔνδοξος εὔνους	ἔνδοξον εὔνουν	
Segunda Clase	Pola 3ª (1)	σώφρων ἀληθής	σῶφρον ἀληθές	
3ª Clase	Pola 3ª e 1ª	ἡδύς	ἡδεῖα	ἡδύ
		χαρίεις	χαρίεσσα	χαρίεν
		μέλας	μέλαινα	μέλαν
		πᾶς	πᾶσα	πᾶν
(1) Presentan dúas formas de xénero en nominativo e acusativo (sing. e plur.). Nos demais casos van polos temas en –ν ou en –σ respectivamente.				

REGRAS DE CONTRACCIÓN VOCÁLICA

a) ABERTURA: - se unha vogal é aberta, a resultante será tamén aberta.

- se as dúas vogais son pechadas, a resultante será tamén pechada.

b) TIMBRE: - o timbre "o" prevalece sobre os demais.

- entre o timbre "a" e o "e" prevalece o da vogal que vai en primeiro lugar.

Nota: A vogal resultante da contracción é sempre longa: ᾱ, η, ω, ου, ει, ᾳ, ῃ, ῳ.

Paradigmas

Singular						
	M	**F**	**N**	**M**	**F**	**N**
N.	μικρός	μικρά	μικρόν	καλός	καλή	καλόν
V.	μικρέ	μικρά	μικρόν	καλέ	καλή	καλόν
A.	μικρόν	μικράν	μικρόν	καλόν	καλήν	καλόν
X.	μικροῦ	μικρᾶς	μικροῦ	καλοῦ	καλῆς	καλοῦ
D.	μικρῷ	μικρᾷ	μικρῷ	καλῷ	καλῇ	καλῷ
Plural						
N.V.	μικροί	μικραί	μικρά	καλοί,	καλαί	καλά
A.	μικρούς	μικράς	μικρά	καλούς	καλάς	καλά
X.	μικρῶν	μικρῶν	μικρῶν	καλῶν	καλῶν	καλῶν
D.	μικροῖς	μικραῖς	μικροῖς	καλοῖς	καλαῖς	καλοῖς

Esquema

Adxectivos da primeira clase tipo ἀγαθός, -ή, -όν

1ª FORMA: masculino	Pola 2ª declinación masculino	ἀγαθός
2ª FORMA: feminino	Pola 1ª declinación feminino	ἀγαθή
3ª FORMA: neutro	Pola 2ª declinación neutro	ἀγαθόν

Adxectivos compostos da primeira clase tipo ἀθάνατος, -ον

1ª FORMA: masculino e feminino	Pola 2ª declinación masculino	ἀθάνατος
2ª FORMA: neutro	Pola 2ª declinación neutro	ἀθάνατον

Adxectivos da segunda clase tipo εὐδαίμων, εὔδαιμον

1ª FORMA: masculino e feminino	pola 3ª declinación
2ª FORMA: neutro	pola 3ª declinación
DECLÍNANSE COMO OS TEMAS EN NASAL	

	MASC./FEM	NEUTRO
NM	εὐδαίμων	εὔδαιμον
GN	εὐδαίμονος	

Adxectivos da segunda clase tipo ἀληθής, -ές

1ª FORMA: masculino e feminino	pola 3ª declinación
2ª FORMA: neutro	pola 3ª declinación
DECLÍNANSE COMO OS TEMAS EN SIGMA	

	MASC./FEM	NEUTRO
NM	ἀληθής	ἀληθές
GN	*ἀληθέσος > ἀληθοῦς	

Adxectivos da terceira clase tipo γλυκύς, γλυκεῖα, γλυκύ

1ª FORMA: masculino	pola 3ª declinación
2ª FORMA: feminino	pola 1ª declinación
3ª FORMA: neutro	pola 3ª declinación
DECLÍNANSE MASC. E NEUT. COMO TEMAS EN SEMIVOCAL	

Nom.	γλυκύς, γλυκεῖα, γλυκύ
Xen.	γλυκέος, γλυκείας, γλυκέος

3. O tema de presente activo

3.1. Presente de Subxuntivo

	εἶμί "ser"	λύω "desatar"
Singular		
1ª	ὦ eu sexa	λύω eu desate
2ª	ἦς ti sexas	λύῃς ti desates
3ª	ᾖ el /ela sexa	λύῃ el/ela desate
Plural		
1ª	ὦμεν nós sexamos	λύωμεν nós desatemos
2ª	ἦτε vós sexades	λύητε vós desatedes
3ª	ὦσι(ν) eles/elas sexan	λύωσι eles/elas desaten

O **subxuntivo** caracterízase por presentar antes das desinencias a vogal temática longa alternante **ω/η**, fronte ao Indicativo con vogal temática breve alternante ο/ε.

3.2. Presente de Optativo

O **optativo** presenta dúas variantes:

a) Nos verbos temáticos (λύ-ω) ten vogal **-ι-**, que forma coa vogal temática a secuencia **-οι-** (presente, futuro e perfecto), e no aoristo presenta **(σ)αι.**

b) Nos verbos atemáticos (εἰμί) aparece **-ιη-** no singular e **-ι-** no plural.

	εἶμί "ser"	λύω "desatar"
Singular		
1ª	εἴην eu fose ou sería	λύοιμι eu desatase ou desataría
2ª	εἴης ti foses ou serías	λύοις ti desatases ou desatarías
3ª	εἴη el /ela fose ou sería	λύοι el/ela desatase ou desataría
Plural		
1ª	εἶμεν nós fósemos ou seríamos	λύοιμεν nós desatásemos /desatariamos
2ª	εἶτε vós fósedes ou seriades	λύοιτε vós desatásedes ou desatariades
3ª	εἶεν eles/elas fosen ou serían	λύοιεν eles/elas desatasen ou desatarían

A partícula ἄν dálle ao optativo valor potencial: λύοιμι ἄν 'eu desataría'.

3.3. Presente de Imperativo

Ten desinencias propias. Ademais, non hai primeira persoa. Para ela úsase en grego, coma en galego, a forma do subxuntivo: ὦμεν ¡sexamos!, λύωμεν ¡desatemos!

	εἶμί "ser"	λύω "desatar"
Singular		
2ª	ἴσθι sé ti	λῦε desata ti
3ª	ἔστω sexa el /ela	λυέτω desate el/ela
Plural		
2ª	ἔστε sede vós	λύετε desatade vós
3ª	ὄντων sexan eles/elas	λυόντων desaten eles/elas

Vocabulario			
Adxectivos		**Verbos**	
ἄγριος, ἀγρία, ἄγριον	agreste, salvaxe	ἀγγέλλ-ω	anunciar
αἴτιος, αἰτία, αἴτιον	culpable	γυμνάζ-ω	exercitarse
ἄκρος, ἄκρα, ἄκρον	alto, elevado/-a	δακρύ-ω	chorar
ἄξιος, ἀξία, ἄξιον	digno/-a	δείδ-ω	temer
βέβαιος, βεβαία, βέβαιον	firme	καθαίρ-ω	limpar
δεινός, δεινή, δεινόν	terrible, hábil	κλίν-ω	inclinar, tender
δεξιός, δεξιά, δεξιόν	dereito/-a	ναί-ω	habitar
δεύτερος, δευτέρα, δεύτερον	segundo/-a,	ὁρίζ-ω	limitar, delimitar
ἰσχυρός, ἰσχυρά, ἰσχυρόν	forte	παιδεύ-ω	educar
κακός, κακή, κακόν	malo/-a	πίν-ω	beber
ὁμοῖος, ὁμοία, ὁμοῖον	igual	τυραννεύ-ω	ser tirano
στενός, στενή, στενόν	estreito/-a	φύ-ω	nacer, xerar
τυφλός, τυφλή, τυφλόν	cego/-a		

Realiza a πράξις 1

4. A lírica

A poesía lírica toma o seu nome da lira utilizada polos poetas como acompañamento dos seus poemas, aínda que tamén se usaban outros instrumentos de corda ou a frauta. Este xénero poético, nacido da danza e a melodía, abrangue tódolos poemas que expresan as **emocións** e os **sentimentos** íntimos do poeta. Trátase de poesía **individualista** de autores comprometidos coa *polis.* Xorde no s. VII a.C. nunha sociedade en crise e caracterízase por unha gran **variedade** de **ritmos** métricos, de **dialectos** e de **temas**: o amor, os praceres da boa mesa, os problemas sociais e políticos, a guerra, etc.

4.1. Orixe da lírica grega

A **lírica literaria** grega deriva de formas máis antigas de reciben o nome de *lírica popular* e que se remonta ao indoeuropeo. Temos probas da existencia desta lírica desde a época micénica (1600-1200 a.C.) por diversas pinturas e pola cerámica. Tamén na *Ilíada* hai referencias a esa lírica primitiva.

4.2. Evolución da lírica grega

A lírica arcaica pode ser monódica ou coral. A **monódica**, é dicir, a executada por un solista, florece con carácter íntimo, especialmente na illa de Lesbos, patria da poetisa **Safo**, representante da poesía *mélica.* Entre os xéneros monódicos atópase unha poesía de corte popular, o *iambo*, e poemas cultos coma a *elexía.* Os poetas máis coñecidos deste período son Arquíloco, Safo, Alceo, Anacreonte e Solón.

Nos albores da época clásica xorde no mundo dorio a lírica **coral**, destinada a ser cantada por un coro, destacando o poeta **Píndaro**, autor de *epinicios*, himnos triunfais en honor dos vencedores nos distintos concursos panhelénicos: Olímpicos, Píticos, Ístmicos e Nemeos.

A lírica coral ten sempre un **mito** como elemento central. O esquema métrico consta de estrofa, antístrofa e épodo.

Na época helenística prodúcese na sociedade urbana de Alexandría (Exipto) un tipo de poesía lírica culta e erudita de formas artificiosas coma a de Calímaco, e a poesía bucólica de Teócrito. Esta poesía inflúe máis tarde nos líricos romanos e, a través deles, na poesía renacentista.

4.3. Cadro de autores e xéneros

Época	Autores	Características
Arcaica (ss.VII-V a.C.)	ARQUÍLOCO	*Iambos,* nos que expresa o odio contra os seus inimigos, critica a guerra e canta o amor sensual.
	SAFO	Escritora de grande expresividade e emoción, escribe cantos de vodas, poemas intimistas sobre o amor e a natureza. Formaba parte dun círculo de mulleres, o que fomentou a sospeita de homosexualidade
	ALCEO	Un dos creadores da lírica. Nos seus poemas celebra o amor, os praceres da mesa e o viño e o ardor guerreiro.
	ANACREONTE	Canta os praceres do viño e do amor.
	SOLÓN	Entre os fragmentos das súas *Elexías* destaca a *Elexía ás Musas*, sobre a prosperidade baseada na xustiza.
Clásica (s.V a.C.)	PÍNDARO	Da súa obra chegáronnos completos os *Epinicios* ou odas triunfais (*Olímpicas, Píticas, Ístmicas e Nemeas*) na honra dos vencedores nos Xogos. Exalta a forza, o pracer do trunfo e o odio ao rival con brillantes imaxes.
Helenística (ss.IV-III a.C.)	CALÍMACO	Dos seus poemas salientamos os *Himnos aos deuses*, *Aitíai* (*Causas*) ou explicacións dos mitos, ademais de *iambos*, *epigramas*…
	TEÓCRITO	Creador da poesía **bucólica** cos seus *Idilios,* nos que presenta a pastores que dialogan sobre os seus problemas amorosos.

4.4. Estrutura da lírica

Os poemas líricos adoitan ser de pequena extensión e estar divididos en tres partes: proemio, centro e epílogo.

No ***proemio*** o poeta invoca ao deus, exhorta ao coro, presenta o tema, cítase a si mesmo e fai referencia ás súas circunstancias actuais.

No ***centro*** é frecuente que se narre un mito: nos himnos, trala invocación, ven o relato do nacemento, lugares de culto do deus e algún dos seus mitos, como sucede nos *Himnos homéricos* ou nos *Epinicios* de Píndaro. O *centro* é o elemento de contraste entre o proemio e o epílogo.

O ***epílogo*** volve sobre o tema do proemio (composición anular), dirixíndose ao deus ou ao destinatario en xeral, pedindo felicidade e éxito.

Realiza a πράξις 2

5. Etapas da civilización grega III

5.1. A Guerra do Peloponeso (431-404 a.C.)

O predominio de Atenas provocou o receo de Esparta e o resentimento das cidades da Liga de Delos, obrigadas a manter o poderío marítimo dos atenienses. Isto provocou un conflito xeneralizado que se coñece como *Guerra do Peloponeso*.

Esta guerra, a máis sanguenta e prolongada que sufriron os gregos, supuxo, ademais dunha loita pola hexemonía, un enfrontamento entre dúas concepcións antagónicas, representadas por Esparta (oligarquía) e Atenas (democracia).

Guerra Arquidámica (431-421 a.C.) Os espartanos toman a iniciativa, invadindo a Ática. Os atenienses, dirixidos por Pericles, refúxianse dentro dos muros da cidade; pero prodúcese unha terrible epidemia, sendo Pericles unha das primeiras vítimas. Esta primeira etapa da guerra foi unha sucesión de éxitos e fracasos por ámbolos bandos. Finalmente, os partidarios de chegar a un acordo con Esparta conseguiron que se firmase unha paz (a paz de *Nicias*) que ía ser efémera.

Expedición a Sicilia (415-413) Pasados seis anos da firma de paz, a guerra continúa. No ano 415 a.C., os atenienses, comandados por *Alcibíades*, envían unha expedición naval a Sicilia para atacar a cidade de Siracusa, aliada de Esparta. Esta aventura militar resultou un rotundo fracaso e afectou gravemente ao prestixio de Atenas perante os seus aliados.

Revolución oligárquica en Atenas (411 a.C.). O fracaso da frota en Sicilia foi aproveitado polos círculos aristocráticos de Atenas, que provocan unha revolución oligárquica; pero as súas negociacións co sátrapa persa Tisafernes para restablecer un réxime oligárquico fracasaron e a revolución tamén fracasou porque algúns dos seus membros foron descubertos cando planeaban entregar a cidade aos espartanos.

Regreso de Alcibíades (407 a.C.) A frota de Samos e os hoplitas do Pireo rebeláronse contra os oligarcas e invitaron a Alcibíades a regresar a Atenas. Este regresa e é nomeado xefe das forzas militares con plenos poderes. Pero a derrota naval de Notion no 406 motivou que de novo tivese que exiliarse de Atenas,esta vez definitivamente. Os espartanos negociaron a súa morte co sátrapa Farnabazo, e no ano 404 foi asasinado.

No ano 406, o estratego ateniense Conón obtén unha gran vitoria sobre os espartanos nas illas *Arxinusas*; pero os xenerais vencedores foron condenados a morte, coa oposición de Sócrates, por non poderen recoller os náufragos da batalla. Esparta fixo proposicións de paz, pero os atenienses non as aceptaron.

Batalla final de Egospótamos (404 a.C.). O ano seguinte, Lisandro,comandante da frota espartana, sorprendeu aos gregos en Egospótamos (Helesponto), cando estes ían en busca de provisións. Lisandro non regresou inmediatamente a Atenas, senón que enviou emisarios ás *cleruquías* do imperio ateniense, para que tódolos exiliados volvesen a Atenas. Logo asediou a cidade por terra e por mar, para obrigala a capitular. Atenas finalmente tivo que aceptar as condicións de paz impostas polos espartanos: destrución dos muros que a unían ao Pireo; entrega de tódalas naves, agás 12; aceptar o regreso dos desterrados e entrar na liga do Peloponeso dirixida por Esparta. A derrota de Atenas supuxo unha ruína para toda Grecia, que quedou debilitada e ía ser presa fácil dun novo poder que xurdía no norte: Macedonia.

5.2. A Tiranía dos Trinta (403 a.C.)

Lisandro impuxo en Atenas un réxime oligárquico que provocou o terror e a morte de moitos cidadáns. Por fortuna este réxime só durou 11 meses, debido á rivalidade de Lisandro co rei Pausanias.

O grupo dos Trinta estaba formado por dez cidadáns propostos por Terámenes, dez elixidos polas heterías do partido aristocrático e outros dez elixidos directamente pola presión de Terámenes. Estes Trinta convertéronse no goberno efectivo da cidade.

Realiza a πράξις 3

6. Léxico

6.1. O morfema e a palabra

Os **monemas** son as unidades máis pequenas dotadas de significación, e poden ser de dúas clases:

- **lexemas**, monemas con significado pleno e autónomo, tamén chamados **raíces**.
- **morfemas,** que delimitan as funcións e significación dos lexemas. Divídense en

  a) **gramaticais**, que expresan as categorías de xénero, número e caso nos nomes; tempo, modo, persoa, número e voz nos verbos.

  b) **derivativos** ou **afixos**, que se unen ao lexema para formar palabras de significado afín, do mesmo campo semántico, da mesma familia léxica.

  Estes **afixos** chámanse **prefixos** cando se antepoñen; **infixos**, cando se intercalan; e **sufixos**, cando se pospoñen aos lexemas.

Palabras **simples** son as que constan dun só **lexema** (América); **compostas**, as que constan de varios **lexemas** (Norte-américa); **primitivas**, as que non inclúen **afixos** (carro); **derivadas**, as que inclúen **lexemas** + **afixos** (americ-ano).

Derivación: Consiste en crear unha palabra nova combinando **lexemas** xa existentes con uns **morfemas** especiais que modifican o seu significado.

Composición: Consiste en crear unha palabra nova a partir de dous ou máis **lexemas** preexistentes. O novo vocábulo queda así modificado na súa forma e integra o significado dos novos elementos léxicos engadidos. Se a fusión presenta dificultades fonéticas, prodúcese a **elisión** dalgunha vogal, coma en *fil-ántropo* ou *pan-te-ísmo*, ou utilízase unha **vogal temática** de unión: *arque-ó-logo*, *psic-o-patía.* A forma de partida adoita ser o **nominativo** para 1ª e 2ª declinación, e o **xenitivo** para a 3ª.

6.2. As clases de Palabras

As palabras divídense en **clases** tendo en conta a súa **función** na frase e certas características **formais**. Hai palabras que poden cambiar de clase; por exemplo, un **adxectivo** precedido de artigo pode funcionar como **substantivo**. Tamén hai subclases de palabras que comparten

trazos de dúas clases.Por exemplo, o **participio** *participa* das categorías verbais (ten voz, tempo, e pode levar C.D., C.I. ou suplemento) e nominais (caso, número e xénero)

O grego ten as seguintes clases de palabras que dividimos en flexivas e non flexivas.

a) As **flexivas** son palabras con diversas formas nun mesmo paradigma para expresar diversas categorías **nominais** ou **verbais**.

- O ***nome*:** presenta as categorías de caso, número e xénero. É o **núcleo** do sintagma nominal.

- O ***adxectivo***: presenta as mesmas categorías có nome; pero, ademais, pode ter **moción** (graos comparativo e superlativo). Cualifica ou determina ao núcleo nominal, co que concorda en caso, número e xénero.

- O ***verbo*:** presenta as categorías de voz, modo, tempo, aspecto, número e persoa. É o **núcleo** do sintagma verbal.

- O ***pronome***: presenta as categorías de persoa: 1ª, 2ª, 3ª (os persoais); caso, número e xénero (os non persoais). A súa función é **deíctica**, é dicir, expresan proximidade ou distancia con respecto ao suxeito da acción verbal.

b) As **non flexivas** inclúen varios tipos de palabras **invariables**.

- O ***adverbio***: funciona como complemento do **verbo**, expresando relacións de tempo, lugar, modo, etc.

- A ***preposición*:** únese a un **nome**, dándolle unha determinada **función** na frase. Equivale funcionalmente a unha desinencia casual.

- A ***conxunción*:** funciona como **nexo** entre oracións, sintagmas ou palabras.

- A *partícula*: dálle un valor **modal** á oración, pero non é un nexo.

Un mesmo lexema pode dar lugar a palabras de diversas clases. Así, temos o adxectivo **καλ-ός** *fermoso,* e o adverbio de modo **καλ-ῶς** *fermosamente.*

Tamén é característico das linguas indoeuropeas que un lexema con vocalismo **e** forme verbos, e con vocalismo **o** forme substantivos e adxectivos. Así, φέρω *levar,* e φορά *transporte,* φόρος *carga*.

6.3. Familias de Palabras

Son grupos de palabras que comparten un **lexema**. Un mesmo lexema pode formar *nomes*, *adxectivos*, *verbos* ou *adverbios*, tomando as desinencias propias de cada unha desas clases de palabras; pode recibir diversos *prefixos* ou *sufixos* que modifican o seu significado; pode *combinarse* con outro ou outros *lexemas* para formar palabras *compostas*. Así, do lexema **tem**-podemos formar diversas palabras: *tem-er*, *tem-or*, *tem-ible*, *tem-er-oso*, *a-tem-or-izar*.

Exemplos en grego:

δίκ-η (*xustiza*): δίκ-αιος (*xusto*), δικ-άζ-ω (*xulgar*), δικ-ασ-τής (*xuíz*), δικ-ασ-τήριον (*tribunal, xuizo*), ἀ-δικ-ία (*inxustiza*).

ναῦς (nave): ναυ-αγία (*naufraxio*), ναύ-αρχος (*navarco, almirante*), ναυ-βάτης (*mariñeiro*), ναυ-μαχία (*batalla naval*), ναύ-της (*nauta, mariño*), ναυ-τικός (*náutico*), ναύ-κληρος (*armador, capitán*).

κόσμ-ος (*orden, mundo*)**:** κόσμ-ιος (*ordenado*), κοσμ-έ-ω (*ordenar*), κοσμ-ικός (*mundano*), κοσμο-κράτωρ (*dono do mundo*), ἀ-κοσμ-ία (*desorde*), ἀ-κόσμ-η-τος (*desordenado*).

Hai, con todo, algúns problemas:

1. Os derivados pódense ter producido nunha etapa anterior da historia da lingua e, debido á evolución desta, ser 'irregulares'. Por exemplo, temos a palabra *pedra* < latín *petram*; pero tamén temos *petrificar, pétreo.* ()

2. O derivados poden ser *cultismos*, mentres as palabras básicas poden proceder da forma patrimonial. Por exemplo, temos *cheo* < latín *plenum*; pero tamén temos *plenitude*.

3. Pero o maior problema é que os sistemas léxicos non presentan a mesma regularidade que os sistemas morfolóxicos. Un dativo de plural dos temas en -ο, por exemplo, sabemos que remata en -οις, tanto se é substantivo como se é adxectivo. Pero non é previsible saber cales sufixos se realizan efectivamente, nin os seus valores semánticos permanecen invariables. En consecuencia, os sistemas léxicos non se organizan en clases abstractas e ben definidas. Non podemos facer a operación *lexema* + *sufixo* = *derivado* cun sentido preciso. Cada palabra *actualiza* o valor do sufixo dunha forma peculiar, que depende do *lexema*, da *historia* da palabra e do *sistema léxico* no que se integra.

Realiza a Πραξις 4